

V ANDAINA 25 Km. DO BARBANZA VIII OPEN DE ANDAINAS DE REGULARIDADE 25 Km. DE GALICIA

1.- DATOS XERAIS DA ACTIVIDADE

- **Denominación**
V Andaina 25 Km. do Barbanza, encadrada na Liga Xunta de Galicia de Sendeirismo da Federación Galega de Montañismo
- **Organizador**
Club de Montaña Barbanza 22 Pés.
- **Colaborador**
Concello de Rianxo
- **Data**
Domingo, 1 de outubro de 2023
- **Hora:**
8:00 a 16:00 h.
- **Localidade Saída**
Porto de Rianxo
- **Localidade Chegada:**
Porto de Rianxo
- **Modalidade**
Andaina deportiva federada (Poden participar non federados)
- **Categorías:**
 - Poderán participar deportistas con 14 ou máis anos, pero os menores de 18 deberán ir sempre acompañados en todo momento polos seus titores, sendo estes os únicos responsables dos menores. As organizacións non se farán responsable de ningún menor.

2.- REGULAMENTO DA PROBA

LIGA XUNTA DE GALICIA DE SENDEIRISMO

Segundo Calendario. Domingos entre xaneiro e decembro

12/02/2023 Andaina Noia 25 Qm

26/02/2023 Andaina Montes e praias de Marin

16/04/2023 Andaina Porto do Son 25 Qm

07/05/2023 Andaina do Condado Cornelíos Marqués de Vizhoja

17/06/2023 Andaina Xeoparque das montañas do Courel

02/07/2023 X Andaina Vila de Cuntis

24/09/2023 Andaina dos tuneles de Culleredo

01/10/2023 Barbanza 25 Qms

12/11/2023 XVII Andaina de otoño o Barco de Valdeorras

CLASIFICACIÓN – RANKING

Non haberá ranking de regularidade, e serán premiados os participantes que rematen tódalas probas organizadas do ano.

PREZOS

O prezo das inscricións en 2023 será o seguinte:

Federados FGM e/ou FEDME: 10 €

Resto de participantes: 13 €

A Federación tramitará ou recoñecerá o seguro e licenza diaria daqueles participantes sen licenza federativa FEDME ou FGM previa.

Poderán participar menores de idade a partir dos 14 anos e sempre que tamén participe e os acompañe a súa nai, pai ou titor legal.

O sistema de inscricións será a través de web con pago mediante tarxeta de bancaria, pechándose a inscrición ás 23:00 horas do martes inmediatamente anterior á proba. Non se poderá pagar na proba.

Salvo causa de forza maior non serán devoltos os importes cobrados das inscricións.

En ningún caso os importes pagados para unha proba poden destinarse á inscrición noutra proba.

Os organizadores poden realizar unha promoción para fomentar a inscrición anticipada dos camiñantes; para iso estiman conveniente promover 5 inscricións gratuítas por sorteo en cada un dos eventos, adxudicando por azar estes agasallos entre aqueles que se inscriban 15 días antes da proba. Esta opción é potestativa para cada organizador, polo tanto facultativa e non obrigatoria.

ACTIVIDADE

O obxectivo é premiar ós deportistas que manteñan unha velocidade de marcha máis regular e que realicen as marchas dentro do tempo límite. Nestas probas non está permitido correr.

Consiste en marchas de distancia fixa de 25 km, con controis intermedios cada 6,25 km aproximadamente, limitadas mediante un tempo máximo e mínimo, de trazado circular, abertas tanto a montañeiros federados coma a deportistas populares co seguro deportivo legalmente establecido.

A distancia de referencia será 25 km pero, eventualmente, pola dificultade técnica de pechar un percorrido no entorno natural nunha distancia exacta, as andainas poderán ter unha lonxitude real inferior ou superior aos 25 km sen exceder os seguintes límites: 2 km de diferenza por defecto (mínimo 23 km) e 1 km de diferenza por exceso (máximo 26 km).

Antes do inicio do ano ou a primeiros de xaneiro será establecido o calendario de probas anual.

Poderán participar deportistas con 14 ou máis anos, pero os menores de 18 deberán ir sempre acompañados en todo momento polos seus titores, sendo estes os únicos responsables dos menores. As organizacións non se farán responsables de ningún menor.

Cada participante recibirá a súa puntuación por proba. Só contarán para a puntuación as probas rematadas entre o tempo mínimo e o máximo de clasificación, na que o participante teña pasado por tódolos puntos de control e non fose descualificado en ningún punto do percorrido.

Os eventos poden ter outras probas de menor distancia, pero non computarán para esta competición.

ORGANIZACIÓN

Os Organizadores serán clubs ou asociacións pertencentes á Federación Galega de Montañismo, ou outras entidades públicas ou asociacións asesoradas por estes clubs. Aportarán os trazados e os voluntarios precisos para realizar cadansúa proba. Nomearán un Representante do Club (preferiblemente o seu Presidente), que será o interlocutor coa Coordinación.

A páxina web da competición, os prezos de participación e o sistema de inscricións, son acordados conxuntamente e coordinados entre os Organizadores, e delegada a súa xestión ó Coordinador Xeral ou persoas nomeadas polos organizadores. Os trazados, datas de celebración, puntos de inicio, servizos, seguros deportivos, premios e trofeos de cada proba serán por conta de cada Organizador.

SAÍDA, CONTROIS INTERMEDIOS E CONTROL FINAL

As probas serán realizadas os domingos. Non está permitido correr.

O horario de inicio en 2022 será entre as 08:30 e as 9:30h a.m. (fiestra de saída).

A saída será sempre aberta por protocolos Covid, e mantendo as distancias recomendadas, podendo iniciar a proba na fiestra de saída en canto o deportista estea acreditado; salvo que por fundados motivos de organización sexa preciso realizala por bloques ou quendas.

O tempo mínimo para realizar os 25 km será de 4 horas (6,25 km/h)

O tempo máximo será de 6 horas (4,2 km/h).

En 2023 non haberá control de tempos. Os deportistas que cheguen antes de 4 horas ou sobrepasen as 6 horas serán considerados descualificados.

Os tres (3) controis de paso intermedios estarán distribuídos cada 6,25 km aproximadamente, sen que este requisito sexa inamovible. En función da distancia e das velocidades máxima e mínima permitidas estableceranse fiestras temporais de apertura e peche de cada control. Poderán existir controis sorpresa. A situación dos controis de paso non será revelada polos Organizadores en ningún

momento previo nin durante a celebración do evento.

Os deportistas que cheguen antes da hora de apertura ou despois da hora de peche a calquera control quedarán descualificados e perderán o dereito a puntuar nesa proba.

O control final, en función da distancia real da proba, abrirá aproximadamente ás 12:30h e pechará ás 15:30h.

Aqueles deportistas que desexen abandonar a proba deberán achegarse ata un control e notificar o seu abandono. Non teñen dereito ao diploma.

PREMIOS

Haberá un único premio por participación e remate de tódalas probas do Open, que se recibirá unha vez finalizada a tempada.

PREMIOS POR PROBA

Non haberá premios por proba.

PREMIOS DA COPA

Serán por participación e remate de tódalas probas.

REQUISITOS PARA ORGANIZADORES

Os clubs organizadores e as asociacións aportarán os trazados dos percorridos e os voluntarios precisos para realizar a proba. Nomeará un Representante do Club, que será o interlocutor co Coordinador.

Os voluntarios e o representante do club deben aceptar as ordes do Coordinador.

O lugar de inicio destas marchas deberá estar nun lugar accesible e dotado das infraestruturas necesarias. Non será obrigatorio que haxa un lugar próximo de vestiarios, con duchas e retretes.

Os trazados estarán sinalizados mediante elementos fixos (por exemplo cando coincidan con sendeiros PR-G ou GR) ou elementos móbiles (por exemplo con fitas plásticas). Neste último caso a organización estará obrigada a limpar todo o percorrido unha vez finalizada a proba.

Os puntos de acreditación e inicio deberán estar convenientemente sinalizados, preferiblemente con bandeirolas e arcos de meta.

No inicio deberá haber un sistema de control e entrega de dorsais.

Nos puntos de control NON haberá un sistema informático de cronometraxe. Debe haber un sistema de comunicación. Os avituallamentos poden estar nos puntos de control ou noutros lugares e deberán ter avituallamentos líquidos e tamén pode haber avituallamento sólido, se ben en 2023 apóstase pola autosuficiencia e non é obrigatorio que existan avituallamentos sólidos.

Deberán estar convenientemente sinalizados, preferiblemente con bandeirolas e outras estruturas.

Será obrigatorio o avituallamento líquido nos controis 1, 2 e 3. No control final ten que haber avituallamento líquido no lugar mediante cantina ou, de non existir cantina, posto pola organización de forma gratuíta. **OS PARTICIPANTES DEBERÁN LEVAR O SEU VASO PROPIO.**

NON será obrigatorio o avituallamento sólido no control 2. Tampouco no control final.

Os avituallamentos líquidos serán en vaso ou a granel, polo que cada participante deberá levar unha cantimplora ou similar para poder encher nos controis. Esta medida está pensada para evitar contaminación con residuos de bebidas e por protocolos Covid. Recoméndase facer o mesmo coa comida.

No control final deberá haber un sistema de comunicación. Deberá estar convenientemente sinalizado, preferiblemente con bandeirolas e un arco de meta ou outras estruturas.

O control final disporá do material necesario para controlar o remate de cada deportista.

3.- PROGRAMA XERAL

A V Andaina 25 Km. do Barbanza pertencente a Liga Xunta de Galicia de Sendeirismo, consiste nun evento deportivo federado (Incluído dentro do calendario da federación galega de montañismo). Establécense dous percorridos circulares, un de 25 Km. e outro de 15 Km., partindo os dous do Porto de Rianxo e chegando ao mesmo punto de partida. Percorren as parroquias de Rianxo, Leiro, Asados e Taragoña (tódas dentro do concello de rianxo e sin saír do termo Municipal)

Así, a andaina percorre parte dos territorios do Concello de Rianxo.


O programa xeral é o que se detalla a continuación:

- 8:00 h. Punto de encontro e recollida de dorsais – Lonxa Vella (Porto de Rianxo)
- 9:00 h. Saída da proba.
- 15:00 h. Hora estimada remate da proba.


3.1.- PERCORRIDO

Circuíto 25 Km.

3.1.A Perfil de elevación:



3.1.B Croquis do percorrido:



Inicio na Área No Porto de Rianxo. Percorremos as praias para despois dirixirnos ao Mirador de Leiro (Monte da Pena). A Andaina continúa polo Río Té despois de Cruzar o Monte Lioira. A parte final ascende ao Mirador do Castro para iniciar o descenso ata a senda litoral de Taragoña e comezar o regreso ao punto inicial.